

A LUZ E O VOLUME. O CLAROSCURO



Cando a luz incide sobre un obxecto aparecen sobre este zonas con diferentes graos de iluminación: unha zona de máxima de luz ou brillo, outra de penumbra e outra de sombra. Estas tres intensidades de iluminación permiten que percibamos o obxecto en tres dimensións, e dicir, permite que apreciemos o seu volume. Segundo a posición e distancia do foco que está iluminando o obxecto, estas zonas de máxima iluminación, de penumbra e de sombra cambian de lugar e de intensidade.

A técnica do **claroscuro** consiste en combinar e distribuír as sombras e a luz utilizando varios tons dunha mesma cor.

PRÁCTICA Nº : O CLAROSCURO

Observa os exemplos A, B e C. Fíxate na sombra propia e arroxada. Completa os modelos D, E, F e G empregando a técnica do claroscuro e tendo en conta a posición do seu foco.

Materiais: lapis grafito de diferentes durezas (HB, 2B,...)



NOME:

GRUPO: